



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Bases e convocatoria para o proceso selectivo dun/dunha formador/a-titor/a da especialidade formativa atención sociosanitaria en institucións sociais

BASES PARA A SELECCIÓN DUN FORMADOR-TITOR DA ESPECIALIDADE FORMATIVA DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS (SSCS0208) DIRIXIDA A PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADA INCLUÍDO NO PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO DA COMUNIDADE DE GALICIA.

1.^a.-OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases a aprobación das bases de selección dun/ha **formador/a-titor/a** para impartir a seguinte especialidade de:

-SSCS0208 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS

A función principal do/a formador/a-titor/a da especialidade será a de impartir a educación correspondente ao certificado de profesionalidade e actuar como mestre da súa especialidade nas actuacións que se leven a cabo como práctica profesional no programa. Entre as funcións específicas figuran as seguintes:

- Elaboración xunto có técnico de seguimento e control e a supervisión da ADL, responsable do programa de toda a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Se o formador está validado pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade para impartir os módulos transversais obrigatorios FCO003 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero 10 h.) e FCOXXX24 - Formación para a igualdade (8 horas), deberá impartilos.
- Desenvolvemento, cumprimento e impartición do programa formativo na aula e das actuacións que forman parte do programa aprobado. Incluirá a preparación previa dos contidos teórico-prácticos e a realización das actividades correspondentes.
 - Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado.
 - Notificación á técnico de seguimento e control do programa das incidencias das que teña coñecemento, asistencia, puntualidade, rendemento.
 - Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodiados materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
 - Coordinará a execución das actuacións da especialidade e realizará os estudos previos para a boa definición das tarefas, en colaboración do técnico de seguimento e control das Accións Formativas dirixidas a persoas prioritariamente desempregadas (AFD).
 - Análise de necesidades da compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.
 - Titorizar ao alumnado durante todo o desenvolvemento da acción formativa.
 - Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados.

2.^a.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1. Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Segundo o establecido no RD 1379/2008, de 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011, de 20 de maio, modificado por el RD 625/2013, de 2 de agosto polo que se establece o certificado de profesionalidade para (SSCS0208) ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS se require:
 - c.1) Nivel académico: (Licenciatura en Medicina, Diplomatura en Enfermaría, Licenciatura en Psicoloxía ou Psicopedagogía, Diplomatura en Traballo Social, en Educación Social, para poder impartir tódolos módulos formativos).

c.2) Experiencia profesional: requirida no ámbito do certificado de profesionalidade (acreditación de experiencia de 1 ano no caso de contar con titulación académica e 3 anos no caso de non contar con titulación académica).

d) Competencia docente: é imprescindible cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 189/2016 de 15 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008 de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade: estar en posesión do certificado de profesionalidade de Docencia da formación profesional para o emprego, formador ocupacional ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos, sempre e cando, esta formación, se obtivera antes do 31/12/2013 de acordo coa última modificación contida no BOE 13/096/2013 (RD 619/2013 de 2 de agosto).

De este requisito poderán estar exentos os seguintes:

A. Os/as que estean en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado/a en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado/a no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgrao nos citados ámbitos.

B. Os/as que posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica.

Así mesmo estarán exentos os que acrediten a posesión do Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor/a de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e os que acrediten a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, no poden realizar os estudos de Máster, establecida na disposición adicional primeira do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.

C. Os/as que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

e) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 4 ou equivalente (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.

g) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, e manterse durante todo o proceso selectivo.

3º.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO.-

A duración do contrato, tendo en conta que o curso será impartido previsiblemente entre o 3 de febreiro e o 12 de xuño, estenderase previsiblemente dende o 27 de xaneiro ata o 26 de xuño. O contrato de traballo será de duración determinada tempo completo – eventual por circunstancias da produción (contrato tipo 402). A xornada laboral será a xornada completa (37,5 horas/semanais).

De acordo ao artigo 14 do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro), establecece un período de proba de dous meses .

4º.- RETRIBUCIÓN.-

As retribución salariais mensual do docente/tutor será de 1.750,00 euros/brutos (incluídos tódolos conceptos retributivos e pagas extras prorrateadas).

5.ª.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas presentarse conforme ó modelo que figura no anexo I.

As instancias dirixiranse ao alcalde do Concello da Laracha, e presentarase no Rexistro Xeral do Concello, sito en Praza do Concello, s/n, 15145, A Laracha, A Coruña, ou na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015, expresando que reúnen

tódolos requisitos esixidos na base anterior: a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) ou a través da sede electrónica municipal (<https://sede.alaracha.gal/>)

O prazo de presentación de solicitudes de participación será de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Na solicitude realizarase unha declaración responsable de que son certos os datos obrantes nela e, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Xunto coa dita solicitude os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- a) DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade do aspirante.
- b) Anexo I que aparece nestas bases debidamente cuberto e asinado
- c) Titulación requirida nestas bases, ou no seu defecto a experiencia mínima requirida. Acreditación da competencia docente ou xustificación da exención.
- d) Acreditación documental de estar en posesión, de ser o caso, do nivel de CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).
- f) Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes podendo presentar o modelo que aparece nestas bases (Anexo II). Só se terán en conta para o concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fóra de prazo.
- g) O xustificante do pagamento da taxa por dereito de exame que será de 22 euros. Esta taxa e poderá obter e pagar a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello da Laracha <https://ovtlaracha.dacoruna.gal/>, ou se poderá abonar mediante ingreso ou transferencia en calquera das seguintes contas:

ABANCA: ES20. 2080. 0079. 9231. 10000015

CAIXABANK: ES08. 2100. 4912. 2122. 00004416

BANCO SANTANDER: ES10. 0238. 8126. 1606. 60000173

Segundo o artigo 4º da Ordenanza fiscal nº 23 do Concello da Laracha, pola que se regula a taxa por dereitos de exame, estarán exentas do pagamento da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente), e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, cando menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas (para o que deberá presentar o Documento de Alta e Renovación da Demanda de Emprego, DARDE, expedido pola oficina de emprego correspondente, e vida laboral actualizada). A falta de presentación da taxa ou do documento acreditativo do artigo 4º descrito no presente parágrafo será causa de exclusión.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.ª.-ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, o alcalde, mediante resolución, aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, así como a composición do Tribunal; publicarase no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa da súa exclusión.

Os aspirantes disporán dun prazo de **3 días hábiles** para a subsanación, no seu caso, das deficiencias que se sinalen. Estas subsanacións serán aceptadas ou rexeitadas na Resolución que aprobe a lista definitiva, así como o lugar, a data e a hora de realización do primeiro exercicio, que se publicará no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal. Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, ou directamente recurso de contencioso-administrativo

ante a xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses. Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ó da publicación no taboleiro de edictos electrónico ubicado na sede electrónica municipal.

O resto das Resolucións serán expostas no taboleiro de editos sede electrónica municipal.

7.ª.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O Tribunal cualificador designado pola Alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local), en base ó establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un funcionaria/o de carreira, ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Vogais (titulares e suplentes): Tres funcionarias/os de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Secretaria/o: unha/un funcionaria/o de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o Tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico das Administracións Públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Para os efectos de percepción de asistencias, a Tribunal terá a categoría segunda (2.ª) das sinaladas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8.ª.-PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O proceso de selección será por concurso-oposición conformada polas seguintes fases e exercicios:

8.A) FASE DE CONCURSO (ata 14 puntos)

A fase de concurso, consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes, consonte ao seguinte:

8.A.1-Formación académica (máximo 2,25 puntos)

Valoraránse titulacións académicas distintas da esixida como requisito, sempre que estean directamente relacionadas co posto :

- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos

- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto

- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,15 puntos.

- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.

- Por **formación específica relacionada con especialización docente**, formador de formadores, formador ocupacional, metodoloxía didáctica o similar: 0,50 punto por curso.

8.A.2 Cursos realizados (máximo 3 puntos)

Cursos de formación, con contido relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, así como de igualdade, ou informática. Serán obxecto de valoración as accións/cursos de formación específica, perfeccionamento ou especialización directamente relacionadas coas funcións e/ou competencias profesionais propias da vacante convocada, e que contén con homologación/recoñecemento oficial (entendendo, a tal efecto, que foran impartidas, organizadas, recoñecidas e/ou homologadas por Administracións Públicas, entidades ou organismos dependentes destas e/ou habilitados oficialmente aos ditos efectos formativos).

Para a acreditación desta formación deberase achegar o título correspondente ou certificación equivalente e acreditativa de ter superado o curso ou acción formativa alegada, expedidos pola entidade/organismo organizador ou responsable da actividade formativa.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos/accións formativas deberá constar a data da súa realización, a súa duración (en horas), así como o seu obxecto, con indicación de temario/materias impartidos (agás en supostos de cursos monográficos); de non figurar/acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se repetira a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración.

Valoración dos cursos:

- Por cada curso de 20 ata 99 horas: 0,50 punto.
- Por cada curso de 100 horas o mais: 0,75 punto.
- Por cursos de prevención de riscos laborais: 0,25 puntos

8.A.3 Experiencia docente e profesional (ata 8,75 puntos)

-Experiencia docente (máximo 5,25 puntos):

-Experiencia profesional en postos similares desenvolto en formación ocupacional, escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego: **0,25 puntos por cada mes** traballado a xornada completa ata un **máximo de 2,75 puntos**. En caso de xornadas a tempo parcial, computará proporcionalmente.

-Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: **0,10 puntos por cada mes** traballados a xornada completa ata un **máximo de 2 puntos**. En caso de xornadas a tempo parcial, computará proporcionalmente.

-Experiencia profesional impartindo módulos transversais FCO003 - Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero e FCOXXX24 - Formación para a igualdade, que implique a validación para poder impartilo pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, **0,25 puntos/curso** (soamente se valorará un curso transversal impartido de cada módulo). **Máximo 0,50 puntos**.

-Experiencia profesional:

En postos de traballo relacionados có certificado de profesionalidade de atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (coidador de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriais, coidador de persoas dependentes en institucións, xerocultor), **0,25 puntos por cada mes** traballado a xornada completa ata un **máximo de 3,5 puntos**. En caso de xornadas a tempo parcial, computará proporcionalmente.

Terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimo" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A experiencia profesional deberase acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e, inescusablemente, a copia do contrato, certificación de servizos prestados expedida pola administración correspondente no caso de servizos prestados para unha administración pública. En ningún caso serán valorados méritos non acreditados documentalmente.

8.B) FASE DE OPOSICIÓN. (ata 30 puntos)

Servirá para valorar as aptitudes, actitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto e o seu contido versará sobre os temas do ANEXO III .

- **PROBA TIPO TEST**, obrigatorio e eliminatorio, que consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria durante un período de 60 minutos e determinado polo Tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas correspondéndolle ao Tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima.

PROBA DE GALEGO. (Apto/Non Apto)

No caso dos aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado CELGA 4 ou equivalente deberán facer o exame.

O exame consistirá na traducción directa dun texto elixido polo Tribunal do castelán para o galego sen axuda de dicionario, nun tempo máximo de 30 minutos.

9.ª.-CRITERIOS DE DESEMPATE.

De producirse un empate na puntuación final darase prioridade se realizará por orden de prelación:

- 1º.O maior tempo acreditado como desempleado.
- 2º. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- 3º. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- 4º. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- 5º. O de maior idade.

10.ª.-RESULTADOS DA SELECCIÓN.

O Tribunal publicará na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta da relación de persoas presentadas por orde de puntuación para a posterior contratación, así mesmo, integrar a bolsa de traballo para os efectos de ser nomeados substitutos cando proceda para cubrir a renuncia ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade do/a titular.

11.ª.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

A persoa aspirante proposta presentará, no prazo de dous (2) días hábiles, contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos orixinais acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2.ª desta convocatoria:

1. Aceptación expresa do posto
2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas e de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
3. Declaración xurada de non estar incurso/a en causa algunha de incapacidade nin de incompatibilidade, de conformidade coa normativa aplicable, que imposibilite a ocupación e desempeño do posto.
4. Certificado/informe médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.
5. Documentación xustificativa do número de afiliación a Seguridade Social
6. Nº de conta bancaria cos 24 díxitos do IBAN
7. Modelo 145 AEAT cuberto e asinado

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acredítase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser contratada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

12ª.-NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación, a Alcaldía decretará a contratación como persoal laboral da persoa aspirante proposta pola Tribunal de Valoración, sendo nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente. Poderá constituirse unha lista de agarda coas persoas que figuren aprobadas no proceso selectivo.

Constituirase unha bolsa de emprego coas persoas que superen o proceso selectivo e non resulten seleccionadas, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que poidan resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a renuncias ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade.

A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida. O nomeamento dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación, os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas.

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os interesados son responsables de comunicarlle ao Concello calquera alteración do seu número de contacto.

O empregado público que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que o aspirante desiste de cubrir a praza.

Os aspirantes que sendo requiridos para o seu nomeamento renuncien a el dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo para

os efectos de novos nomeamentos. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación. A bolsa de traballo terá vixencia ata o remate do curso, previsiblemente o 12 de xuño de 2025.

De manifestar a súa disposición, á Alcaldía ditará resolución de requirimento -a resolución será publicada na sede electrónica do concello e desde ese momento empezarán a contar os correspondentes prazos (sen prexuízo da posibilidade de comunicar tamén dita circunstancia por vía telefónica ou por correo electrónico)- para que acrediten e, no seu caso, superen os extremos requiridos no correspondente convenio, presenten certificado médico asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que teñen a capacidade funcional necesaria para traballar no posto e declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

Se no prazo que se sinala, o aspirante non presenta a documentación requirida, non acredita ou, no seu caso, non supera os extremos requiridos, pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior, ou estea desempeñando actividade laboral no sector público ou privado debidamente acreditado por un tempo superior ao da contratación que se lle ofrece.

De non manifestar a súa disposición, pasarase a chamar ó seguinte aspirante da lista

13.^a.-INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS.

En todo o non previsto nas presentes bases o Tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interpor no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, o a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

D/Dª	
DNI/NIE	
Domicilio:	
CP	
Localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	

EXPOÑO:

Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de A Laracha **PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA FORMADOR-TITOR DA ESPECIALIDADE FORMATIVA DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS (SSCS0208)**

DECLARO

- I. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e **DECLARO RESPONSABLEMENTE** que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.
- II. Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas e de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, así como non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido no proceso de selección dun/ha docente/titor/a da especialidade formativa de **ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS (SSCS0208)**, achegando para estes efectos a seguinte documentación :

- DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Titulación requirida nestas bases, ou no seu defecto a experiencia mínima requirida. Acreditación da competencia docente ou xustificación da exención.
- Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa destes.(anexo II)
- Certificado do Celga 4 ou documento equivalente.
- Documento acreditativo do pago das taxas ou certificado de minusvalía (igual ou superior ao 33%) ou informe de períodos de inscrición como demandantes de emprego (DARDE) no que se acredite que figura como demandante de emprego nun período de un mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas e vida laboral actualizada.

Solicito que a realización do exame sexa en Galego Castelán

A Laracha, ____ de _____ de 202__

(sinatura)

ANEXO II: MODELO PARA A BAREMACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO.

Nome e apelidos:

DNI:

1. FORMACIÓN ACADÉMICA (Distinta á exixida como requisito de acceso, Máximo 2,25 puntos)

Titulación	Data realización	Organizado por:	Puntuación

2. CURSOS REALIZADOS (Relacionados coas funcións propias da praza Máximo 3 puntos)

Título Curso	Data realización	Nº horas	Organizado por	Puntuación

3. EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 8,75 puntos)

Administración/Empresa	Posto/praza/categoría	Período prestación servizo	Puntuación

PUNTUACIÓN TOTAL NA FASE DE CONCURSO:PUNTOS

A Laracha, ____ de _____ de 2024

(sinatura)

Asdo. (nome e apelidos)

ANEXO III

1) A Constitución Española de 1978: estrutura e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais na Constitución Española. Garantía das liberdades e dereitos fundamentais.

2) Orde do 1 de xullo de 2024 (DOG 132 de 9 de xullo) pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2024-2026.

3) O Certificado de Profesionalidade da especialidade **ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS (SSCS0208)**. Contidos teóricos e prácticos.

4) Seguridade e hixiene no traballo (referido á especialidade), EPIS da especialidade.

5) O municipio da Laracha. Servizos e recursos relacionados co emprego e a promoción económica no Concello da Laracha

6) Os Certificados de Profesionalidade.

7) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

8) Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre procedemento administrativo común das Administracións públicas

9) As competencias clave.

A Laracha, 28 de novembro de 2024

O alcalde

Jose Manuel López Varela

2024/8603